



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 1/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 29/11/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria de data 29/11/2018, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coa abstención do Sr. Martínez Sanjurjo, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta das actuacións seguintes:

- Reunión mantida o 09/01/2019, ás 12:00 horas no Ministerio de Fomento en Madrid co Director Xeral de Estradas, acompañado da 1ª Tenente de alcalde e un técnico da asistencia técnica-urbanística municipal, redactores do proxecto técnico das obras que explicaron alí as obras do PQ 37, rotonda na estrada N-550, paso inferior. O Sr. Director Xeral informou que o proxecto se atopa aínda en fase de supervisión e agardan que esta finalice ao longo dos meses de xaneiro-febreiro deste ano. Está incorporada ao expediente a notificación da adquisición dos terreos necesarios feita polo Concello de Ordes. Teñen intención de comezar a licitación ao longo dos meses de abril-maio, non comprometéndose a fixar unha data concreta. A partida orzamentaria que figuraba nos orzamentos xerais do estado para o ano 2018 e que non se inclúe nos correspondentes ao 2019, asegurou que os 826.000 euros para as obras están garantidos dentro das partidas de conservación asignadas á provincia de A Coruña, consignación que foi ratificada polo Xefe provincial da Demarcación de estradas do estado na Coruña nunha conversación telefónica mantida o 15/01/2019. Esta é unha obra moi necesaria, sobre todo para poder continuar a rolda oeste. Pide ao PSOE de Ordes que sigan vixiantes para que o resultado desta reunión se poida levar a cabo xa que esta obra coa que todos estamos comprometidos se poida levar a cabo canto antes e que temos que lograr que se faga para ben dos nosos veciños, así como para a mellora das comunicacións nese PQ 37 na entrada da Vila de Ordes.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.

3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decado.

4. MOCIÓNS.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Tendo en conta que o peche da Central de Meirama foi solicitado oficialmente pola compañía Naturgy, e despois de ver as noticias publicadas nestes días, parece que só se está a tratar de buscar quen ten mais culpa do peche, si a Xunta ou o Goberno central; pois ben o que realmente debe preocuparnos é, que vai pasar tanto cos postos de traballo directo da Central como co tecido das empresas que traballan para Central, e que moitas de elas veranse na obriga de axustar os seus cadros de traballadores.

É preciso recabar a información necesaria acerca das alternativas da compañía Naturgy para este Concello e a comarca, pedindo información clara sobre a ubicación e alcance dese Centro avanzado de gas renovable, así como a ubicación exacta do parque eólico que anuncian que instalaran no entorno de Meirama.

Ademais de todo isto e independentemente do anterior é preciso que se aclare a información necesaria acerca dos emprazamentos comprometidos na xuntanza mantida entre o Presidente da Xunta de Galicia e a Ministra de Transición Enerxética para a instalación de dúas prantas de biomasa, e se estude a posibilidade de que un deses emprazamentos sexa no Concello de Ordes, tendo en conta que tanto no Concello como na Comarca a actividade madeireira é moi relevante, sendo esta actividade totalmente sostible, que xeraría unha cantidade de empregos directos e indirectos importantes, e tendo en conta que dentro do seu programa das pasadas eleccións municipais propoñía incluso habilitar un cargadeiro de madeira no entorno da estación de tren, entre Fosado e a Pontraga para impulsar o sector forestal, e a sabendas de que o Concello de Curtis si contará cunha pranta de biomasa forestal para o ano 2020. Ordes quedará na cola e serán coma sempre outros Concellos os que si se preocupan de atraer emprego. Non cabe dúbida de que Ordes é un emprazamento ideal para este tipo de prantas de biomasa forestal, e non se pode seguir obviando a oportunidade real que se está a ver e que non se debe deixar escapar.

Por todo elo, é polo que proponho ao Pleno da Corporación Municipal de Ordes a adopción do seguinte acordo:

1. Instar ao Sr. Alcalde a solicitar unha xuntanza co Conselleiro de Economía, Traballo e Industria e seguidamente informe a este pleno sobre os plans de Naturgy para Ordes e comarca como consecuencia do peche da Central de Meirama.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

2. Instar á Xunta de Galicia a estudar o Concello de Ordes como emprazamento dunha pranta de biomasa forestal como enerxía renovable”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que evidentemente están de acordo en que hai que buscar alternativas para manter o emprego na comarca, esta parécelles unha boa iniciativa. Están a favor.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que quizás a Xunta de Galicia e o Goberno Central teñan moita culpa, pero tampouco hai que esquecerse que hai empresas que están controladas por capitais transnacionais que lles importa moi pouquiño os traballadores e esta comarca. Por desgracia en España fai moito tempo que, ao contrario de o que acontece en Alemaña, foi privatizado e agora cree que estamos un pouco a pagar isto. Están fundamentalmente de acordo coa proposta que se fai aquí. Con todo, o tema da pranta de biomasa forestal non o ven moi claro por unha cuestión xa que moi cerquiña, cree que xa está en construción, unha pranta en Curtis. Estas prantas necesitan de moito combustible nas súas proximidades, polo que poden non ser viables dúas prantas de biomasa tan cerquiña. Non teñen moi claro que haxa combustible suficiente para elas. Tampouco o ven como unha solución, o ven como unha boa proposta. Todos estiveron de acordo na Declaración institucional de finais de ano de instar á Xuntar de Galica a liderar unha Comisión para deseñar esta transición enerxética que se nos aveciña

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que en primeiro lugar queren manifestar o seu apoio ao Comité de empresa de Meirama e empresas auxiliares, que saben que están levando a cabo un encerro. Parécelles ben esta moción, o primeiro punto parécelles ben porque poden ter información fiable e de primeira man do que se vai a facer. En canto ao segundo punto tamén lles parece ben, parécelles unha boa opción.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tamén van a apoiar a moción unha vez que se modificou a súa redacción inicial. En relación co primeiro punto van a tratar de que esa reunión poida ter lugar e de que nos informen realmente do que vai acontecer. Nos últimos meses houbo bastante contacto co Alcalde de Cerceda que era o que tiña máis liña directa para poder falar cos representantes da antiga Gas Natural. En canto á segunda parte, aínda que non é unha solución sinxela a instalación dunha pranta de biomasa, concorda co que acaba de dicir o compañeiro do BNG, tan próxima en apenas vinte e cinco quilómetros, nos aquí no día de hoxe non dispoñemos de solo de uso industrial para poder acometer esta implantación, cousa que o



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

PXOM ten que resolver. Non cabe dúbida que Ordes e a súa comarca teñen un potencial forestal importante. Tratarán de conseguir que na medida do posible o teñan en conta como posibilidade, ben para estas dúas que a día de hoxe se manexan, aínda que se apunta que para a provincia de A Coruña so está pensada a de Curtis, a outra está pensada para o norte da provincia de Lugo. Si de futuro é posible que se poidan ir ampliando estas prantas para aproveitar o potencial dos montes da comarca que poderían estar dando unha produtividade que sería boa para todos e ao mesmo tempo xeraría postos de traballo. Van a apoiar os dous acordos e ver o que acontece nas vindeiras semanas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Instar ao Sr. Alcalde a solicitar unha xuntanza co Conselleiro de Economía, Traballo e Industria e seguidamente informe a este pleno sobre os plans de Naturgy para Ordes e comarca como consecuencia do peche da Central de Meirama.

2. Instar á Xunta de Galicia a estudar o Concello de Ordes como emprazamento dunha pranta de biomasa forestal como enerxía renovable.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Unha das necesidades máis prioritarias do noso municipio, no que ao estado do benestar se refire, é a asistencia sanitaria. A situación actual no noso pobo é deficitaria e con importantes carencias asistenciais, xa non só o problema da atención Pediátrica como xa denunciámos tanto no asistencial como o espazo dunha das consultas en pleno corredor.

Na Agrupación Socialista de Ordes recibimos varias queixas por falta de persoal médico na atención do PAC situado no Centro de Saúde, concretamente na cuarta semana de novembro de 2018 onde un paciente operado un par de días antes no CHUS atopándose con dor acode sobre as 23 horas e non pode ser atendido de inmediato senón que ten que esperar a regrese o facultativo de garda porque estaba a atender un domicilio. No PAC de Ordes de luns a xoves de 15 h. a 22 h. hai dous médicos e de 22 h. a 8 h. só un médico. Neste sentido nos tempos actuais onde a poboación é máis esixente coa prestación sanitaria que recibe, o Grupo Municipal Socialista entende que un só facultativo é insuficiente, non quixeramos ter una incidencia grave como foi fai uns meses a morte de un doente mentres esperaba no PAC da Estrada que viñera o médico que estaba atendendo a domicilio.

O PAC é un servizo vital básico e desde a Agrupación Socialista de Ordes defendemos que os cidadáns teñan que ter acceso a el cunha atención continuada e con recursos suficientes. A Atención Sanitaria inmediata necesita a dotación de profesionais e transporte sanitario urxente acorde ás circunstancias demográficas da poboación á que se lle presta, porque do tempo de chegada e actuación depende evitar un risco vital ou dano irreparable na saúde de moitas persoas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Polo que, en condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

1. Instar o Sr. alcalde de Ordes a esixir ao SERGAS unha cobertura permanente de dous médicos no PAC de Ordes para evitar situacións de risco.
2. Dar traslado á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes deste acordo plenario para que estuden distintas medidas de presión, xa que o Concello de Ordes non é o único concello afectado dos que integran a Mancomunidade”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que tamén está de acordo. Pide que se poidan ampliar os acordos cun punto máis no que se inste á Consellería de Sanidade e ao SERGAS a reforzar a atención pediátrica no Centro de Saúde de Ordes. esta semana estivo recibindo queixas ao respecto.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que acepta a incorporación deste punto na moción.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que están totalmente de acordo con esta cuestión. Este luns por enésima vez o PAC volveu a quedar sen médicos sobre as dez da noite. Un médico nunha urxencia, outro médico nun domicilio. Creen que este PAC abarca moita superficie. Cando un médico ten que atender un paciente que está en coidados paliativos nun domicilio, pode perder ata unha hora e pico no camiño, que si acontece a partir das dez da noite, quedamos sen médico.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están totalmente de acordo. Como di o concelleiro do PSOE, a vida ou a morte dun doente depende moito do tempo que transcorre en ser atendido. Están de acordo con todo o que sexa mellorar.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que como no podía ser de outro xeito tamén estamos de acordo co contido da moción. Neste senso tiveron xa conversas coa xerencia. O 16 de xaneiro solicitaron unha entrevista co Conselleiro de Sanidade, da que se dará conta no seu momento, para falar do pediatra, dos médicos en horarios



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

do PAC, das obras que se van a realizar, para falar de todos os temas que todos os grupos políticos puxeron nalgunha ocasión sobre a mesa. Van a votar favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Instar ao Sr. alcalde de Ordes a esixir ao SERGAS unha cobertura permanente de dous médicos no PAC de Ordes para evitar situacións de risco,

2. Instar á Consellería de Sanidade e ao SERGAS a reforzar a atención pediátrica no Centro de Saúde de Ordes.

3. Dar traslado á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes deste acordo plenario para que estuden distintas medidas de presión, xa que o Concello de Ordes non é o único concello afectado dos que integran a Mancomunidade.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Os concellos son a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén son a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten a súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional.

O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña unifica os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS+ distribúense en base a criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.

O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello. Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo. A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende fai anos dende a Deputación Provincial da Coruña.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

1. Instar á Xunta de Galicia a regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2. Instar á Xunta de Galicia a establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3. Instar á Xunta de Galicia a crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4. Instar á Xunta de Galicia a establecer neste exercicio 2019 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades.

5. Instar á Xunta de Galicia a establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparta con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que sentíndose moito non va a votar a favor. Hai que distinguir que a Deputación é unha administración local, a Xunta é unha administración do estado en Galicia en determinados puntos. A Deputación é o concello dos concellos, administración local. A Xunta ao igual que o Estado ten que facer a política xeral en Galicia, para iso ten que pedir cartos ao estado para repartir entre os concellos. Esta moción non ten sentido, en Galicia na Coruña necesitamos estradas para as granxas, axudar á pesca, en Ourense hai que apoiar ao viño. Non ten moito que ver unha cousa coa outra. A proposta é boa, o Estado tamén ten que repartir. Xa faláron fai moitos anos do pacto local, os concellos teñen que recibir o 25% dos cartos do Estado, estamos no 14%. Cando Fraga gobernaba en Galicia era o 10%. Non ocorre o mesmo en Cataluña, País Vaso e Navarra.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que lle parece ben o que se propón, pero como di o Sr. González Santos non hai que facelo so a nivel autonómico, tamén a nivel nacional. Non está de acordo co punto quinto, non está de acordo co canon da auga, co canon eólico. Non cree que estes canons se teñan que repartir dun xeito diferente ao resto dos tributos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están de acordo, é un criterio máis xusto, máis transparente, sábese ao que xogas, non hai obscurantismo, sabes os recursos cos que conta o concello, non tes que andar mendigando subvencións. Vai haber necesidades puntuais nas que habendo ese reparto se requira unha subvención a maiores para obras con investimentos importantes. O resto en lugar de a dedo ou criterios de dubidosa aplicación, sería máis claro. É certo que en Cataluña, País Vasco e Navarra teñen máis recursos, pero é por que teñen unha posición de país á hora de negociar os seus orzamentos, teñen uns deputados que realmente exercen esa posición de país, en Galicia desgraciadamente agora mesmo non os temos, defenden antes outros intereses que os de todos os galegos. Por iso nestes orzamentos a comunidade galega leva menos investimentos que en todos os anos anteriores. Se tivéssemos outra forza que houbo anteriormente que si conseguía investimentos para este país outro galo cantaría.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo. Sempre estarán a favor da transparencia e dun reparto máis xusto dos recursos para os concellos.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que aquí fálase moito e non se sabe exactamente moi ben do que se fala. A comunidade autónoma galega foi a primeira en establecer un modelo estable de participación nos tributos autonómicos cunha garantía de mínimos. A participación nos ingresos está vinculada a recadación tributaria da facenda autonómica. No pacto local cando se recada menos as transferencias vense minguadas. Con todo, entre o 2009 e o 2015, que houbo unha mingua importante, a comunidade autónoma galega conseguiu non minguar e seguir mantendo unha participación mínima de tal maneira que no 2009 creou un fondo extraordinario que foi aumentando paulatinamente todos os anos, ata que no ano 2011 estableceuse unha nova regulación en colaboración coa FEGAMP que garantise que ningún concello vise minorada a súa participación nos ingresos que viña recibindo antes da crise económica. Así aumentáronse os complementos ata que no ano actual esta recollido na Lei de orzamentos de 2019 cento vinte e catro millóns de euros para os concellos. Se exceptuamos os territorios con réxime de financiación especial, Galicia é un dos territorios



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

de España que máis destina a un Fondo de cooperación incondicionado. Este repártese con criterios totalmente obxectivos a todos os concellos. A estas transferencia hai que engadir despois as derivadas dos convenios e a concesión de subvencións, que en Galicia alcanzar na Lei de orzamentos douscentos sesenta millóns de euros, co que se están a repartir trescentos noventa millóns de euros. Isto é moi parecido á Deputación que ten o Plan único. Di que se eliminaron liñas, pero deixou abertas moitas outras. Cultura subvenciona segundo as necesidades básicas de cada área, Turismo o mesmo. Hai liñas abertas na Deputación. As subvencións non poden desaparecer no goberno galego por que ten que garantir as competencias. Son un dos instrumentos da Xunta para a consecución dos obxectivos impulsados ao crecemento económico. O goberno galego comparten as aspiracións e demandas da administración local para o que resulta necesario revisar o modelo de financiamento local e a reforma da lei de facendas locais para garantir a autonomía e suficiencia financeira. Isto non depende da Xunta de Galicia, o Estado debe clarificar o sistema de financiamento, unha vez que se clarifique no Fondo de Cooperación Local hai unha Subcomisión permanente do réxime económico-financeiro que é a que ten que estudar o futuro das relacións financeiras entre a Xunta e as entidades locais segundo as necesidades dos concellos e dos recursos que vaian vindo cada ano. Non sempre hai os mesmos. Sistemáticamente critican estas subvencións pero non din nada dos incrementos que se veñen facendo ao Fondo de Cooperación Local, que son de reparto con criterios obxectivos. Criterios que se acordan nesta Subcomisión. Réxime que se completa coas subvencións en función das necesidades e recursos, necesidades que non son iguais en todos os concellos. A súa incorporación a este Fondo plantexaría problemas, que subvencións se incorporan para evitar dificultades para a realización de actuacións marcadas no ámbito das competencias propias das distintas áreas sectoriais da Xunta de Galicia. Pode suceder que algunha das actuacións non se correspondan coas competencias dos concellos. Estas dotación van a supeditarse ás que se establezan nos propios concellos, que non teñen o carácter de consolidable exercicio tras exercicio. A garantía dunha cantidade obxectivas esta no Fondo. Por último o carácter condicionado destes fondos ao provir da Administración do Estado ou da Unión Europea que moitas veces xa veñen co carácter de subvencións finalistas, que non se poden mudar. O que teñen que ter claro é que os cartos deste Fondo, cun reparto obxectivo, o máis parecido ao Plan Único da Deputación. Por todo isto non poden estar de acordo en votar a favor desta moción.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que ao igual que a Sra. Martínez Candal non están de acordo co canon da auga. A Xunta de Galicia cando o aprobou dixo que ía investir o cincuenta por cento do que recadase nos concellos en redes de abastecemento e saneamento, por iso se inclúe na moción. Creen que os criterios de reparto da Xunta de Galicia poden ser máis transparentes, máis xustos, que se seguise o modelo da Deputación. Ninguén coñece mellor que as entidades locais as necesidades específicas de cada concello.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que os concellos están representados na FEGAMP, que é a que nas reunións coa Xunta de Galicia establece eses criterios.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos en contra (6 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sete votos a favor (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político PSdeG-PSOE.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“En xaneiro de 2018 o Grupo Municipal Socialista solicitaba en Pleno tramitar que a Xunta de Galicia concedera a título póstumo a Medalla de Galicia a Isabel Zandal, recordando que as iniciativas rematan en Marzo.

No ano 2018 das Medallas de Galicia, lamentablemente ningunha de elas foi concedida a nosa filla ilustre Isabel Zandal, por iso volvemos a presentar a mesma Moción para tramitar outra vez a petición para este ano 2019 recordando que o Presidente da Xunta que ten a potestade da concesión das Medallas de Galicia.

A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que concede a Xunta de Galicia a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignos de obter o recoñecemento do pobo galego. Cómprelles ás sociedades que teñen conciencia do seu ser e da súa presenza histórica, recoñecer e honrar as persoas e institucións que lles prestasen relevantes e meritorios servizos dignos de agradecemento público. Así recolle a Xunta de Galicia a xustificación da creación das Medallas de Galicia.

O Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da Medalla de Galicia (publicado no DOG Nº 10 do martes 15 de xaneiro de 1991) recolle no seu artigo 5 que: “a concesión da Medalla de Galicia, en calquera das súas tres categorías, faraa o presidente da Xunta de Galicia, ben por instancia propia ou de autoridades, institucións ou entidades públicas ou privadas galegas con personalidade xurídica”. Así mesmo, no artigo 9 indica que “a presentación de propostas razoadas de candidatos á Medalla de Galicia formalizarase desde o día 15 de xaneiro ao 15 de marzo de cada ano”.

Desde a Agrupación Socialista de Ordes cremos que concorren suficientes méritos para conceder a Medalla de Galicia, a título póstumo, á filla predilecta de Ordes Isabel Zandal, polos seus méritos no éxito da Real Expedición Filantrópica da Vacina de Francisco Xavier Balmis, que levou a vacina da variola a todo o mundo entre os anos 1803 e 1814. Unha vacina que veu paliar a alta mortalidade do virus, que estaba a ocasionar a morte de milleiros de nenos e nenas. Ademais, Isabel Zandal foi nomeada pola OMS como a primeira enfermeira en Saúde Pública e conta cun recoñecemento internacional importante, sobre todo en México.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instamos ao Goberno Municipal de Ordes a que presente as instancias precisas ante a Presidencia da Xunta para que lle sexa concedida a Medalla de Galicia a título póstumo á nosa filla predilecta Isabel Zandal”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instamos ao Goberno Municipal de Ordes a que presente as instancias precisas ante a Presidencia da Xunta para que lle sexa concedida a Medalla de Galicia a título póstumo á nosa filla predilecta Isabel Zandal

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“O concello de Ordes capta auga para o depósito de abastecemento do Mesón do Vento desde o encoro de Vilasenín, tamén coñecido como presa de San Cosmade. Este encoro é propiedade de Naturgy, e foi construído a finais da década dos 70 para abastecer á Central Térmica de Meirama.

Dado que Naturgy ven de confirmar hai escasas datas a súa intención de pechar a Central Térmica de Meirama, isto sementa dúbidas sobre o que acontecerá coa citada infraestrutura e o seu mantemento.

Lembramos a importancia de clarexar esta situación xa que, a parte de que esta captación resulta estratéxica para o abastecemento do núcleo urbano do Mesón do Vento e da zona norte do noso concello, no P.X.O.M. de Ordes débese xustificar a suficiencia de recursos hídricos para a previsión de crecemento que se formule.

É polo que desde o BNG de Ordes, propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Instar ao concello de Ordes a promover unha reunión con Naturgy, na procura de garantir o mantemento e o futuro da presa de San Cosmade, onde o concello de Ordes ten un punto de captación de auga”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que tamén está de acordo.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que lles parece unha boa moción. A incertidume nunca beneficia a ninguén, é importante ter asegurado un punto de captación de auga para o concello.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tamén están de acordo. Espera que non haxa ningún tipo de inconveniente. A día de hoxe non pode haber unha problemática con esta captación que garanta a suficiencia hídrica.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Insta ao concello de Ordes a promover unha reunión con Naturgy, na procura de garantir o mantemento e o futuro da presa de San Cosmade, onde o concello de Ordes ten un punto de captación de auga.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que pregunta cal é a razón para admitir a presentación no rexistro xeral do concello dun rogo do BNG sobre o ADIF que non se presentou electrónicamente.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non foi posible a presentación a través do rexistro electrónico do Concello por que hai problemas de funcionamento que so permite adxuntar arquivos ata 15MB, a red SARA so ten un límite de 5MB. O arquivo do rogo tiña unha capacidade maior polo que non foi posible a súa presentación telemática. Polo que optaron pola súa presentación presencial no rexistro xeral do concello.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que acepta as explicación, pide o mesmo trato por igual para todos, seguidamente formula os rogos seguintes:

- Veciños de Ordes queixáronse a esta Agrupación Socialista de que hai un tramo entre a piscina municipal e a Rúa do Recreo que discorre paralelo ao río sen humanizar, provocando que en días chuviosos sexa difícil pasar con carriños de bebés e sen mancharse.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rematar a humanización dese tramo, pavimentar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se trata dun tramo de vía de titularidade municipal. O tramo que se arraxou recentemente o fixo o particular. Esta parte intentarase insistir para que se hai opción para que o adecente.

- Veciños de Ordes queixáronse a esta Agrupación Socialista de que existe un punto na rúa do muíño, uns metros de terreo pegados ao local Abacco, que está habitualmente cheo de lixo, xerando mala imaxe sobre todo os días de feira.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Atender á súa limpeza e conservación se se trata de zona pública ou instar ao propietario a mantelo limpo se se trata de zona privada



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que xa está avisada a empresa para que proceda á limpeza nesas zona.

- Esta Agrupación Socialista recibiu queixas de veciños que aparkan no estacionamento da Rúa Compostela en relación á iluminación inexistente no lugar, que provoca que teñan que alumear con medios propios para ir e volver no aparcamento, ademais do risco de atropelo pola escuridade e de tropezos nas fochangas.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instalar iluminación suficiente no aparcadoiro da Rúa Compostela para que os veciños o usen e transiten en condicións de seguridade

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este asunto xa foi tratado noutras ocasións con propostas doutros grupos. Esta zona esta prevista que se acometa nas próximas semanas. Quedará resolto nos próximos meses.

- Esta Agrupación Socialista recibiu queixas de que na senda peonil que transcorre pola estrada CP-3802 no Lugar da Espenica existe un tramo de baranda arrancado.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se nos informe a que foi debido e instar a que se repoña o antes posible

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa tiñan constancia. Non saben a causa. Xa está reparada pola brigada de obras dende o martes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Se se circula pola Rúa do Mercado, e na zona da Praza de Abastos, tras rodear a praza se volve á Rúa do Mercado, non existe boa visibilidade no cruce e dificulta incorporarse con seguridade a dita rúa.

A veciñanza trasladounos a necesidade de colocar un espello en dito cruce.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A estudar a colocación de un espello de tal forma que poida mellorarse a seguridade vial na zona



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se dará traslado á policía local para analizar esta proposta.

- En maio de 2017, o BNG denunciaba o estado deplorable, debido á falta de mantemento, da estación de tren de Fosado. Mediante a presentación de unha moción no pleno municipal, que finalmente contou co apoio do resto de grupos municipais, recollía o seguinte acordo: Solicitar ó ADIF que manteña a estación de Fosado nunhas condicións de seguridade e salubridade axeitadas.

En xullo de 2018, presentamos un novo rogo para que se reiterase ao ADIF a necesidade de manter axeitadamente a estación de Fosado.

A situación, lonxe de solucionarse, está a agravarse aínda máis. Nas fotografías adxuntas pode comprobarse a situación das instalacións, e nun día de choiva un pode comprobar como a situación se agrava aínda máis.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se reitere ao ADIF a necesidade de manter axeitadamente a estación de tren de Fosado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se dará traslado ao ADIF.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Malia que desde este grupo municipal xa advertimos ao goberno municipal do estado no que se atopa a rede de pluviais da vila de Ordes, e solicitamos a súa limpeza; temos que lamentar que novamente nada se fixo a este respecto.

Na reportaxe fotográfica que se achega xunto ao presente rogo, pódese ollar a situación na que se atopan algúns dos exemplos mais significativos que podemos atoparnos polas rúas da nosa vila.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se efectúe unha revisión da rede de pluviais do concello de Ordes, retirando os entullos que impiden o axeitado funcionamento da mesma

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a última comunicación á concesionaria do servizo fíxose o nove de outubro, en novembro o día seis fíxose unha comunicación extraordinaria a través dunha alerta do 112. Teñen problemas puntuais, enviarán unha nova comunicación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

- No lugar de Vilariño, na parroquia de Buscás, atópase un poste de teléfono a medio caer.

A pesares de transcorrer dous meses desde que se presentou a incidencia, a día de hoxe segue o problema sen solucionar.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que inste á empresa titular da rede a solucionar o problema

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto xa é dunhas semanas. A empresa xa tiña un expediente aberto. Estábase á espera de que actuaran. Hoxe remitiron un correo informando de que xa está arranxado.

- Nas obras para a construción da senda peonil das Casillas, semella que non se vai efectuar a mesma entre a gasoleira e a Lareira, a pesares de que o proxecto si contempla a súa execución.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos informe de si vai ser executada a senda peonil no citado tramo

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a executarse, é unha cuestión de planificación na execución das obras polo contratista. Deixaron ese tramo para o final por que tiñan que invadir o carril de circulación. Vai a executarse a totalidade dende o PQ inicial ao PQ final.

- Nalgunhas aulas do CEIP Campomaioir existen problemas de humidade.

Volve poñerse de manifesto unha vez mais, a urxente necesidade de efectuar operacións de mellora e mantemento nos centros educativos do noso concello, os cales teñen unha antigüidade considerable,

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos informe de que medidas se van tomar para solucionar o problema

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que se lle deu traslado á Unidade Técnica da Xefatura Territorial da Consellería de Educación que é a competente para a súa solución. Dende a dirección do centro non comentaron nada.

- A compañía Soil Recovery S.L. anunciou hai uns meses unha situación de insolvencia.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Esta empresa xestiona no concello de Ordes o servizo de conserxería, mantemento e limpeza de edificios culturais e deportivos, a través da UTE Soil Recovery, S.L.-Cycle Servicios Integrales, C.E.S.L.

Segundo nos fan chegar, a compañía comunicou naquel entón que se farían cargo do servizo ata o mes de febreiro, o cal comeza dentro de escasos días.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos informe de que vai pasar co servizo e co persoal a partires do mes de febreiro.

A que nos informe de que medidas tomou o seu goberno para tentar paliar ou solucionar este problema

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o servizo esta a funcionar. Ao igual que sucedeu co contrato de xestión do punto limpo, está a falar con empresas para levar a cabo a cesión do contrato. Non debendo supor ningún problema a transición á nova empresa. Sempre houbo contacto coa empresa en relación coa problemática. Cesión que espera se faga efectiva ao longo do mes de febreiro.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a pregunta seguinte:

- Recentemente foi reempresada a porta vella do cemiterio municipal do Piñeiro.

Esta porta foi unha doazón dunha familia polo que gustaríalle saber que se vai a facer con ela, vai a trasladarse a outro lado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta gardada no almacén pegado ao monumento do Soldado Lois. Non esta en bo estado. Non hai previsión de reutilización agora mesmo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Facendo unha desagregación por ano desde o ano 2010 e sen ter en conta os expedientes que posteriormente foran obxecto de renuncia.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Cantas licencias de obra nova residencial foron concedidas polo concello de Ordes?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no ano 2010 concedéronse licenzas para nove vivendas unifamiliares, ningún edificio residencial, no 2011 once vivendas e tres edificios, no 2012 seis vivendas e tres edificios, no 2013 sete vivendas, no 2014 seis vivendas, no 2015 seis vivendas, no 2016 sete vivendas, no 2017 cinco vivendas e no 2018 catro vivendas. En total nestes anos sesenta vivendas unifamiliares e seis edificios residenciais.

- Novamente tiveron que suspenderse eventos deportivos ou actividades escolares no pavillón Castelao II, problema recorrente que non foi solucionado coa inversión realizada na ventilación colocada a tal efecto.

¿Que vai a facer o goberno para solucionar o problema e permitir o uso axeitado das citadas instalacións deportivas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as inversións realizadas na mellora da ventilación, o realmente realizado foi que se trasladou ao ximnasio do Castelao a que estaba no Castelao II. No Castelao púxose un grupo máis grande e no pavillón Campomaio colocáronse dous grupos. Temos que partir de que é un problema puntual en determinados días do ano. Neste ano no pavillón Campomaio non temos tido ningunha chamada de queixa. O que hai que facer supón un gasto importante. O problema no Castelao II foi por non ter actividade continuada polo parón do Nadal. A valoración da renovación da zona de tarima e instalación dun pavimento novo no pavillón Castelao I son oitenta mil euros. A solución futura no Castelao II será tamén esta. É necesario ter fondos municipais ou acceder a subvencións da Deputación ou da Xunta de Galicia. Tratarán que no mes de febreiro a ventilación forzada funcione da forma máis eficiente para evitar a suspensión de actividades ao longo das vindeiras semanas ata a chegada da primavera.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte horas e cincuenta e nove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO